

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA (<http://sede.vilagarcia.gal>) CELEBRADA O DÍA 27/10/2022

Sras. / Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE
D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS
-DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
-D. ARGIMIRO SERÉN MERA
-DONA PAOLA MARÍA MÓCHALES
-D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
-DONA SONIA OUTÓN CASAL
-D. DIEGO GARCÍA SANTIAGO
-DONA LUZ MARÍA ABALO PÉREZ
-D., ÁLVARO CAROU GARCÍA
-DONA ALBA BRIONES GAMARRA
-D. JOSÉ MARÍA GONZÁLEZ ARAÚJO
-DONA MATILDE LAYA LORENZO
-DONA ANA MARÍA GRANJA GUILLÁN
-DONA YOLANDA BÓVEDA DÍAZ
-D. ROBERTO DOMÍNGUEZ BUSTELO
- DONA INMACULADA DIEZ VILLARROYA
- D. RAUL SANTAMARÍA GONZÁLEZ
-D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO
-DONA MARIA DE LA O FERNANDEZ GONZÁLEZ
-D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO

Non asiste
- D. XOSE LOIS LEIROS GUDE

SECRETARIA
MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTORA
MONSERRAT CORES VAZQUEZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 27/10/2022, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as señores/as Concelleiros/as, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores de datas 29 de setembro e 20 de outubro de 2022.

2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes de setembro de 2022

3. Toma de coñecemento da baixa de D. David Higinio Oliveira Barreiro, no partido político Ciudadanos-Partido da Cidadanía e as repercusións na organización corporativa

4. Aprobación, se procede, da declaración de obra de "Rehabilitación duns alpendres en Rúa Muíño Novo 1-3 co obxectivo de destinalos a uso oficinas", como de especial interese, aos efectos de aplicar a bonificación no ICIO a instancia de FUNDACIÓN LAR PRO SALUD MENTAL

5. Aprobación inicial, se procede, do expediente nº 03/SC/2022 de suplemento de crédito financiado con cargo ao remanente líquido de Tesourería para gastos xerais do orzamento vixente, por contía de 703.000,00 €.

6. Aprobación definitiva, se procede, da proposta da Alcaldía sobre o organigrama e relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Vilagarcía de Arousa e toma de decisión sobre as alegacións presentadas

7. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.

8. Aprobación, se procede, da moción presentada polo Concelleiro non adscrito para a identificación da orixe dun verquido ó subsolo urbano e adopción de medidas de prevención ante o risco medioambiental

9. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do BNG sobre as melloras no transporte escolar no Concello de Vilagarcía de Arousa. Retirada por non asistir o Concelleiro

10. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do BNG en Defensa da Frota Pesqueira Galega fronte ao novo Regulamento Imposto pola Comisión Europea Retirada por non asistir o Concelleiro

11. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila para a realización dun estudo sobre o estado das instalacións deportivas de Vilagarcía de Arousa e un plan de mantemento e mellora das mesmas.

12. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PP para a mellora do mantemento e conservación do Parque Enrique Valdés Bermejo (O Castriño)

13. Aprobación, se procede, da solicitude do grupo político municipal do PP de comparecencia de Dona Paola María Mochales, en calidade de Concelleira de Urbanismo, sobre os problemas producidos na rede de saneamento durante a execución da obra "Humanización da Rúa Arcebispo Lago".

14. Aprobación, se procede, da solicitude de comparecencia a petición propia, presentada polo Concelleiro Delegado de Educación D. Argimiro Serén Mera sobre o transporte escolar ao IES Armando Cotarelo Valledor

15. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.

16. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.

17. Rogos e preguntas formuladas polos membros da Corporación Municipal.

18. Quenda de rogos e preguntas entre as persoas que asisten como público á sesión.

A sesión é gravada, imaxe e son, polo funcionario municipal D. Ricardo Lages Insua utilizando o sistema de videoactas ao que se poderá acceder a través da <http://sede.vilagarcia.gal>

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES, DE DATAA 29 DE SETEMBRO E 20 DE OUTUBRO DE 2022.

Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación das actas.

Non habendo ningunha proposta de rectificación quedan aprobadas por unanimidade dos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20), as actas das sesións anteriores, ordinaria de 29 de setembro e extraordinaria de 20 de outubro de 2022.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20221027&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE SETEMBRO DE 2022: Pola Secretaría dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA:

3 Aprobación pregos de licitación

1 Expte. De modificación de créditos por transferencia de créditos

2 Recoñecemento de obriga

1 Inscripción animais potencialmente perigosos

1 Baixa no rexistro de animais potencialmente perigosos

1 Cambio de domicilio animal potencialmente perigoso

1 Renovación licenza animais potencialmente perigosos

4 Autorización festas ao aire libre

1 Baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes

1 Remisión expediente administrativo ao Xulgado para procedemento xudicial

1 Aboamento servizos prestados en noites e domingos

1 Desestimación recurso de alzada procedemento promoción interna

6 Nomeamento funcionarios/as interinos/as

1 Pagamento Plan de pensións

3 Substitución posto de categoría superior

2 Taxa publicación anuncios no DOG

28 Estimación/desestimación taxas e prezos públicos

4 Estimación recibos

12 Estimación compensación de débedas

1 Estimación bonificación IBI

12 Estimación liquidacións e baixas

3 Estimación cambio de xestión de Ben Inmóbil

4 Estimación pagos duplicados

12 Estimación Rateo no IVTM

5 Estimación /desestimación IVTM

15 Estimación/desestimación IIVTNU

20 Estimación Beneficios fiscais no IVTM

5 Pago expedientes Tesourería

6 Pago Expedientes Intervención

2 Aboamento préstamos bancarios

5 Aboamento comisións bancarias

3 Cambio de titularidade comunicación previa apertura/actividade

15 Deber de conservación
3 Orde de execución limpeza malezas
5 Reposición da legalidade urbanística
2 Expte. Sancionador por ruidos
1 Licenza para legalización de edificación existente
2 Conformidade a proxecto de execución
3 Prórroga execución de obras
8 Licenza de obra maior
4 Licenza para segregación ou reparcelación finca
3 Licenza de primeira ocupación e/ou acometida e/ou conexión auga e/ou saneamento
3 Declaración ineficacia de comunicación previa
4 Licenza de obra menor
34 Comunicación previa para realización de obras

TOTAL: 254

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20221027&punto=2>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

3.- TOMA DE COÑECEMENTO DA BAIXA DE D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO, NO PARTIDO POLÍTICO CIUDADANOS-PARTIDO DA CIDADANÍA E AS REPERCUSIÓNS NA ORGANIZACIÓN CORPORATIVA.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 27 de outubro de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta de escrito presentado por D. David Higinio Oliveira Barreiro, comunicando:

1 - Que causou baixa no partido Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía.
2 - Que devolveu á Conta do Concello todas as cantidades percibidas e non gastadas como asignación económica a ese Grupo Municipal

E solicita:

1 – Deixar de percibir as cantidades correspondentes para o funcionamento do Grupo Municipal de Ciudadanos.

2- Pasar a formar parte do Grupo dos Concelleiros non Adscritos ata o final do mandato.

Dáse conta do Informe da Secretaria Xeral, do seguinte teor:

Visto o escrito presentado por D. David Higinio Oliveira Barreiro, o día 26 de setembro de 2022, comunicando que causou baixa no Partido Ciudadanos-partido de la Ciudadanía, así como o seu pase a concelleiro non adscrito, emítense o seguinte:

INFORME:

A regulación legal dos chamados concelleiros «non adscritos» contemplouse na Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, que modificou o apartado terceiro do artigo 73 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, no sentido seguinte:

A efectos da súa actuación corporativa, os membros das corporacións locais constituiranse en grupos políticos, na forma e cos dereitos e as obrigacións que se establezan con excepción daqueles que non se integren no grupo político que constituía a formación electoral pola que foron elixidos ou que abandonen o seu grupo de procedencia, que terán a consideración de membros non adscritos.

(...) Os dereitos económicos e políticos dos membros non adscritos non poderán ser superiores aos que lles correspondesen de permanecer no grupo de procedencia, e exerceranse na forma que determine o Regulamento Orgánico de cada corporación.

O art. 73 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local o único que deixa claro é que os corporativos non adscritos son os que non se integran no grupo político da formación electoral pola que foron elixidos ou abandonen o seu grupo de procedencia..

Partindo desa premisa, terán a consideración de membros non adscritos das corporacións locais:

- Aqueles que non se integren no grupo político que constituía a formación electoral pola que foron elixidos. Este suposto resulta o máis evidente: o corporativo que non se integre no grupo político que constituían os membros da lista electoral pola que concorreu ás eleccións terá a consideración de non adscrito.

- Os que abandonen o seu grupo de procedencia. Sobre este suposto se expuxeron dúbidas ao redor de se a expresión abandono incluía a aqueles concelleiros que eran expulsados do seu grupo político. Se o abandonan voluntariamente a situación é clara, pero se son expulsados polos seus compañeiros, en razón ao principio de funcionamento democrático dos grupos, a cuestión é dubidosa posto que a expresión abandono indica voluntariedade, mentres que na expulsión non a hai.

Volvendo ao art. 73.3: «Os dereitos económicos e políticos dos membros non adscritos non poderán ser superiores aos que lles correspondesen de permanecer no grupo de procedencia, e exerceranse na forma que determine o regulamento orgánico de cada corporación».

Para o estudo deste precepto debe facerse unha distinción. Dun lado estarían todos aqueles dereitos derivados da pertenza a un grupo municipal, como pode ser a achega económica para o seu funcionamento, a atribución de despachos en dependencias municipais ou, se o Regulamento Orgánico Municipal así o prevé, a asistencia do portavoz do grupo político á Xunta de Portavoces. O non adscrito non vai poder exercer ningún destes dereitos en tanto deixou de pertencer a un grupo. O Tribunal Constitucional na súa Sentenza 169/2009 do 9 de xullo establece esta posibilidade entendendo que non afecta o contido esencial do art. 23 da Constitución.

En canto ao resto dos dereitos económicos e políticos dos concelleiros non adscritos, non vinculados á pertenza a un grupo político, o art. 73.3 di que non poderán ser superiores aos que lles correspondesen de permanecer no grupo de permanencia. Con todo, esta afirmación foi matizada, de forma moi importante, polo Tribunal Constitucional.

A doutrina constitucional impónse como parámetro necesario de interpretación do art. 73.3 da LBRL de tal forma que os non adscritos non poderán adquirir máis dereitos políticos ou económicos dos que lles corresponderían de permanecer no seu grupo de procedencia, co cal van ter os propios do seu estatuto contido nos arts. 73 e ss. da LBRL, no ROF e, no Regulamento Orgánico Municipal. Entre eles asistir, debater e votar nos Plenos, presentar mocións e escritos, controlar a acción do goberno. Pero, ademais, calquera eventual minoración que puidese levar o seu paso á condición de non adscrito que se prevexa tanto na Lei como nas normas de organización municipais deberá respectar o núcleo da súa función representativa, posto que este é consecuencia directa da Constitución e impónse como barreira insuperable.

Os concelleiros non adscritos, como consecuencia do exposto, teñen dereito a cobrar por asistencia a Plenos, Comisión, etc. pero non poden percibir subvencións como grupo.

E da aplicación desta doutrina ao art. 73.3 da LBRL, en relación coas Comisións Informativas xurdiron dúas sentenzas: a xa comentada 169/2009 e a 20/2011 ratificadas posteriormente, que consideran que vulnera o art. 23 da CE o convocar aos concelleiros non adscritos a todas as comisións informativas con voz pero sen voto. O TC entende que non deixarlles votar vai entorpecer e dificultar a posterior defensa das súas posicións políticas no Pleno, afirmando a transcendencia das comisións como fase de estudo e elaboración de propostas.

Non obstante o TC, en relación coa presenza en todas as comisións informativas, tenta matizar a súa afirmación dicindo: «do anterior non se deriva que os concelleiros non adscritos teñan dereito a que o seu voto compute nos mesmos termos que o dos membros da comisión informativa adscritos a grupo. Se así fóra, tendo en conta que a comisión informativa é unha división interna do Pleno da corporación, os seus membros non adscritos gozarían no seu seo dunha posición de sobrerrepresentación. Tal e como sinala na STC 32/1985, do 6 de marzo, "a composición non proporcional das Comisións informativas resulta constitucionalmente inaceptable porque estas son órganos só en sentido impropio e en realidade meras divisións internas do Pleno", de tal maneira que, en "canto partes do Pleno deben reproducir, en canto sexa posible, a estrutura política deste". Esta esixencia desprega os seus efectos tanto para garantir os dereitos de participación política das minorías, que é o que se cuestionaba na citada Sentenza, como no sentido oposto, é dicir, para evitar a materialización do risco de sobrerrepresentación da minoría que se deriva do dereito de participación directa nas comisións informativas que corresponde

aos membros non adscritos da corporación.

É dicir, non existe un dereito do concelleiro non adscrito a participar en todas e cada unha das Comisións Plenarias, e o grupo municipal que sufra diminución pola acción do tráfuga non deberá ver reducida a súa participación nas mesmas sen que implique vulneración algunha nos dereitos individuais do concelleiro.

Non poderá tampouco, o concelleiro non adscrito, do mesmo xeito que se menciona no Pacto Antitráfugismo, participar na Xunta de Portavoces, pois a referida Xunta só pode ser constituída polos portavoces dos grupos políticos municipais. Non contará tampouco con achega municipal para o seu funcionamento, nin con despacho municipal. Cobrará por asistencia a Plenos, Comisión, poderá asistir, debater e votar nos Plenos, presentar mocións, escritos, etc.

Nas eleccións locais celebradas o 26 de maio de 2019, presentouse a candidatura de "Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía", sendo elixido como Concelleiro D. David Higinio Oliveira Barreiro, integrándose nese momento no grupo político da citada formación electoral e abandonando posteriormente o grupo de procedencia (26-09-2022).

A consecuencia do abandono é que desaparece o citado grupo político, pero, a súa posible participación nas Comisións Informativas existentes, non supón a diminución do número de membros de ningún outro grupo político municipal.

Polo tanto, tendo en conta que o Regulamento Orgánico do Pleno non contempla este suposto, o Pleno da Corporación Municipal debe decidir, se o Sr. Oliveira Barreiro continúa como membro de tódalas Comisións Informativas como ata agora, con voz e voto, ou unicamente participa nas que así se decida.

As Comisións Informativas existentes na actualidade son as seguintes:

- 1) Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas.
- 2) Comisión Informativa de Servizos Sociais e Igualdade.
- 3) Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade.
- 4) Comisión Informativa de Cultura, Educación, Xuventude e Promoción Económica.

Así mesmo procede que o Pleno da Corporación tome coñecemento do novo status do Concelleiro non adscrito D. David Higinio Oliveira Barreiro e dos dereitos inherentes á súa condición.

Vilagarcía de Arousa, 19 de outubro de 2022.

A SECRETARIA XERAL

Rosa Losada Suárez

Os membros da Comisión informativa quedan sabedores e manifestan a súa conformidade en que participe en tódalas Comisións Informativas con voz e voto.

Tódolos/as Concelleiros/as presentes no pleno (20 de 21) quedan sabedores do informe emitido pola Secretaria e manifestan a súa conformidade a que o Sr. Oliveira Barreiro participe en tódalas Comisións Informativas con voz e voto.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20221027&punto=3>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA DECLARACIÓN DE OBRA DE "REHABILITACIÓN DUNS ALPENDRES EN RUA MUIÑO NOVO 1-3 CO OBXECTIVO DE DESTINALOS A USO OFICINAS", COMO DE ESPECIAL INTERESE, AOS EFECTOS DE APLICAR A BONIFICACIÓN NO ICIO A INSTANCIA DE FUNDACIÓN LAR PRO SALUD MENTAL: Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 27 de outubro de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta do informe da Sección de Rendado, do seguinte teor:

INFORME SOBRE SOLICITUDE DE BONIFICACION NO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIONS,

INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO)

Dna. MARÍA AMELIA VARELA ARTUSIO (34247638V) e/r FUNDACIÓN LAR PRO SALUD MENTAL VILAGARCÍA (G36302776) solicita o 11.08.2022 (Rex. WEB2022005412) a bonificación do 95 % no ICIO, correspondente á obra de rehabilitación duns alpendres propiedade da mesma situados na Rúa Muiño Novo, nº 1-3, onde a Fundación realiza a súa finalidade asistencial, co obxectivo de destinalos a uso de oficinas da propia Fundación, con fundamento en que se trata dunha entidade sen ánimo de lucro e que está clasificada como de interese social por Orde da Consellería de Presidencia e Administración Pública, e tendo como finalidade mellorar as condicións de integración psico-sociolaboral de persoas con trastorno mental grave.

Consultada a normativa de aplicación, o art. 4.2.2 da Ordenanza Fiscal nº 1.3, reguladora do Imposto sobre construcións e obras dispón, en concordancia co art. 103.2.a) do RDL 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o seguinte:

“Ás construcións, instalacións e obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais seralles de aplicación unha bonificación do 95% da cota.

A declaración de especial interese ou utilidade municipal corresponderá ao Pleno da Corporación, previa solicitude do suxeito pasivo, co voto favorable da maioría simple dos seus membros.”

A obra da que se solicita a bonificación ten como obxectivo a rehabilitación duns alpendres propiedade da Fundación, co obxectivo de destinalos a uso de oficinas.

O 11/08/2022 solicítase a licenza de obra, así como a bonificación no ICIO, o cal encóntrase pagado.

O feito de que sexa un inmovible dunha fundación destinado a mellorar as condicións de integración psico-sociolaboral de persoas con trastorno mental grave, fai que dita obra poda ser considerada de interese social. O que se informa aos efectos oportunos.

Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura dixitalizada

O XEFE ACCTAL. DA SECCION DE RENDAS

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes de tódolos grupos políticos municipais e Concelleiro non adscrito informan favorablemente.

En consecuencia e por unanimidade informase favorablemente a declaración de obra de "Rehabilitación duns alpendres en Rúa Muiño Novo 1-3 co obxectivo de destinalos a uso oficinas", como de especial interese, aos efectos de aplicar a bonificación no ICIO a instancia de FUNDACIÓN LAR PRO SALUD MENTAL.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a declaración de obra de "Rehabilitación duns alpendres en Rúa Muiño Novo 1-3 co obxectivo de destinalos a uso oficinas", como de especial interese, aos efectos de aplicar a bonificación no ICIO a instancia de FUNDACIÓN LAR PRO SALUD MENTAL.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20221027&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

5.- APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE Nº 03/SC/2022 DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO FINANCIADO CON CARGO AO REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS DO ORZAMENTO VIXENTE, POR CONTÍA DE 703.000,00 €: Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 27 de outubro de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta da Proposta da Alcaldía, do seguinte teor:

PROPOSTA DA ALCALDÍA XUSTIFICATIVA DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA POR SUPLEMENTO DE CRÉDITO FINANCIADO CON CARGO AO REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA

Mediante Providencia da Alcaldía incoouse o expediente N° 03/SC/2022 de modificación de crédito por suplemento de crédito, financiados con remanente líquido de tesourería para gastos xerais, nas seguintes aplicacións:

- Aplicacións nas que se suplementa o crédito

GRUPO	ECCA	Denominación	Importe
135	22100	EMERXENCIAS-ENERXÍA ELÉCTRICA	7.000,00
135	224	PRIMAS DE SEGUROS	15.000,00
Total 135			22.000,00
160	213	SUMIDOIROS - MAQUINARIA, INSTALACIONES TÉCNICAS Y UTILLAJE	10.000,00
160	22100	SUMIDOIROS - ENERGÍA ELÉCTRICA	40.000,00
Total 160			50.000,00
165	22100	ALUMADO PÚBLICO-ENERXÍA ELÉCTRICA	500.000,00
Total 165			500.000,00
171	213	XARDÍNS-MAQUIN., INSTAL. E FERRAMENTA	15.000,00
171	22103	XARDÍNS-COMBUSTIBLES E CARBURANTES	10.000,00
Total 171			25.000,00
432	202	TURISMO-ARREND. EDIF. E OUTRAS CONSTRUCCIÓN	5.000,00
432	22199	TURISMO-OUTROS SUBMINISTROS	5.000,00
Total 432			10.000,00
926	22799	ÁREA COMUNIC. SOCIAL-OUTROS TRABALLOS EMPRESAS E PROFE.	15.000,00
Total 926			15.000,00
931	22799	POLÍT. ECO. E FISCAL-OUTROS TRABALLOS EMPRESAS E PROFE.	3.000,00
Total 931			3.000,00
1720	213	MEDIO AMBIENTE - MAQUINARIA, INSTALACIONES E UTILLAJE	15.000,00
1720	22103	MEDIO AMBIENTE - COMBUSTIBLES Y CARBURANTES	5.000,00
Total 1720			20.000,00
4311	470	FEIRAS E COMERCIO-SUBVENCIONS A EMPRESAS	22.500,00
4311	22799	FERIAS E COMERCIO-OUTROS TRABALLOS EMPRESAS E PROFESIONAIS	15.000,00
Total 4311			37.500,00
4312	22100	MERCADOS-ENERXÍA ELÉCTRICA	10.000,00
Total 4312			10.000,00
TOTAL			703.000,00

O que se pretende con este expediente é dotar os créditos necesarios para acometer actuacións urxentes, inicialmente non previstos, derivados fundamentalmente do incremento dos prezos, principalmente na electricidade e nos carburantes, para os que non existe crédito suficiente e axeitado no orzamento 2022.

Trátase de gastos específicos e determinados para os que se precisa contar con consignación orzamentaria con carácter urxente, e para o que no orzamento non existe crédito suficiente e axeitado.

Tendo en conta os fondos existentes derivados do Remanente líquido de tesourería para gastos xerais axustado, e que constitúen un recurso que pode financiar os aumentos e cambios que se propoñen, ao amparo do disposto no artigo 177.4 do TRLFL 2/2004.

Constando informe favorable da intervención municipal á modificación proposta, esta Alcaldía, co obxecto de atender aos gastos anteriormente descritos propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o expediente n° 03/SC/2022 de suplemento de crédito

financiado con cargo ao Remanente líquido de tesourería para gastos xerais do orzamento vixente para atender os gastos indicados por contía de 703.000,00€.

SEGUNDO: Expoñer ao público os seguintes expedientes mediante publicación no BOP, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente se considerará definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se tivesen presentado reclamacións, en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

TERCEIRO: Dada a urxencia que revisten as actuacións que pretenden acometer coa modificación orzamentaria proposta, farase uso da excepción prevista na base N°10 das BEO 2022 de forma que transcorrido o período de exposición sen presentarse alegacións, o crédito modificado estará dispoñible a efectos de execución orzamentaria, sen prexuízo da posterior e preceptiva publicación da aprobación definitiva a efectos de recursos.

CUARTO: Unha vez aprobado definitivamente os expedientes sinalados no punto anterior, serán inseridos e resumidos por capítulos no BOP. Así mesmo, se remitirá copia do expediente á Administración do Estado e a da correspondente CCAA simultaneamente ao envío do BOP.

Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura electrónica

O ALCALDE

Alberto Varela Paz

Sinatura Dixitalizada

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, Podemos-Marea da Vila e Concelleiro non adscrito din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

A persoa representante do grupo político municipal de Vilagarcía en Común informa desfavorablemente.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación inicial do do expediente nº 03/SC/2022 de suplemento de crédito financiado con cargo ao remanente líquido de Tesourería para gastos xerais do orzamento vixente, por contía de 703.000,00 €.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con doce votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ó grupos político municipal do PSG-PSOE (12), sete abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do PP (5), Podemos-Marea da Vila (1) e Concelleiro non adscrito e un voto en contra, do Concelleiro pertencente ao grupo político municipal de Vilagarcía en Común (1).

ACÓRDASE Por maioría:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o expediente nº 03/SC/2022 de suplemento de crédito financiado con cargo ao Remanente líquido de tesourería para gastos xerais do orzamento vixente para atender os gastos indicados por contía de 703.000,00€.

SEGUNDO: Expoñer ao público os seguintes expedientes mediante publicación no BOP, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente se considerará definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se tivesen presentado reclamacións, en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

TERCEIRO: Dada a urxencia que revisten as actuacións que pretenden acometer coa modificación orzamentaria proposta, farase uso da excepción prevista na base N°10 das BEO 2022 de forma que transcorrido o período de exposición sen presentarse alegacións, o crédito modificado estará dispoñible a efectos de execución orzamentaria, sen prexuízo da posterior e preceptiva publicación da aprobación definitiva a efectos de recursos.

CUARTO: Unha vez aprobado definitivamente os expedientes sinalados no punto anterior, serán inseridos e resumidos por capítulos no BOP. Así mesmo, se remitirá copia do expediente á Administración do Estado e a da correspondente CCAA simultaneamente ao envío do BOP.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20221027&punto=5>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

6.- APROBACIÓN DEFINITIVA, SE PROCEDE, DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE O ORGANIGRAMA E RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO (RPT) DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA E TOMA DE DECISIÓN SOBRE AS ALEGACIÓNS PRESENTADAS:

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 27 de outubro de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta da Proposta da Alcaldía do seguinte teor:

PROPOSTA AO PLENO

Con relación ao acordo plenario de aprobación inicial do Organigrama e da Relación de Postos de Traballo do Concello de Vilagarcía de Arousa (adoptado con data de 31 de marzo de 2022) e tralo preceptivo período de información pública (aberto tras anuncio no BOP de Pontevedra nº 71, de 12 de abril de 2022). Foron presentadas alegacións por 71 persoas interesadas con relación ao citado expediente:

1. ROCIO LUEIRO REY
2. JUAN CARLOS IGLESIAS MEAÑOS
3. SANTIAGO GOMEZ LORENZO.
4. DAVID ABEIJON VAZQUEZ
5. JUAN JOSÉ DURÁN CRESPO.
6. SERGIO AMOEDO FERREIRO.
7. MARCOS AMOEDO FERREIRO.
8. ANA BELÉN GARCÍA RODRÍGUEZ
9. ÁNGELES FERNÁNDEZ DEL RÍO.
10. PATRICIA GARCÍA MARÍA.
11. JESÚS NOGUEIRA FRANCO.
12. JUAN JOSÉ VENTOSO FUENTES.
13. SALVADOR COUSO SIMÓN.
14. OSCAR PORTAS ABAL
15. ENRIQUE MONTENEGRO PORTUGAL.
16. MANUEL VILAN JAMARDO.
17. MONTSERRAT ACHA LEDE.
18. ANA ROSA GONZÁLEZ SEGADE
19. INES GAMALLO SABORIDO
20. M^a SOLEDAD BARREIRO BRIANES.
21. MARIA DEL CARMEN GUTIÉRREZ.
22. DANIEL GONZÁLEZ MENDEZ
23. MARÍA JESUS PEREZ RODRÍGUEZ.
24. FÁTIMA NUÑEZ FABEIRO.
25. JOSE MANUEL NAVIA AIDO.
26. JUAN JOSÉ MUÑIZ RIVEIRO (
27. PAULA RIAL DIESTE.
28. MARÍA CRISTINA MARIÑO BLANCO
29. ADELA MIGUÉNS MUÑIZ.
30. FERNANDO DAVILA LÓPEZ
31. ROSA MARÍA OTERO PIÑEIRO.
32. MANUEL ÁNGEL FIGUEIREDO GONZÁLEZ
33. MARÍA JOSÉ MARTÍNEZ VIDAL
34. MARÍA DEL MAR LOJO CAAMAÑO
35. IRIA CAMBA REY
36. BEGOÑA FONTÁN FAJARIDO
37. MARÍA DEL CARMEN MARIÑO PADÍN

- 38.MARÍA JOSE MARTINEZ VIDAL e 2 Administrativos tesourería.
- 39.PATRICIA LOPEZ IGLESIAS.
- 40.BEATRIZ CASTRO BARREIRO
- 41.DIEGO JOSE FERNANDEZ CAMPOS.
- 42.JOSE MANUEL FRESCO BLANCO.
- 43.EDUARDO ERNESTO VILA LODEIRO
- 44.COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL.
- 45.AURELIO LOPEZ FRANCO.
- 46.ANTONIO GONZÁLEZ MELÓN
- 47.BEATRIZ CAMBA CORTES
- 48.BLANCA ROSA VÁZQUEZ CORRAL
- 49.MARÍA DEL CARMEN INSUA RUBIANES e 6 Auxiliares biblioteca.
- 50.RICARDO MANUEL LAGES VAZQUEZ.
- 51.MANUEL DURAN ABALO
- 52.JOSÉ MANUEL BERDULLAS BOTANA
- 53.MARIA DOLORES AGRA TORRES.
- 54.MARÍA MERCEDES GARCÍA LORENZO
- 55.CARMEN MARÍA ABALO FERNÁNDEZ
- 56.MIGUEL MANEIRO BETANZOS.
- 57.LUIS MIGUEL GONZALEZ CASTRO
- 58.RAMIRO AGRELO IGLESIAS.
- 59.NARCISO BOULLOSA TUÑEZ.
- 60.MARÍA ANTONIA CATOIRA LOPEZ
- 61.MARÍA CONCEPCIÓN BARBERO FERNANDEZ.
- 62.SUSANA CASAL MARTINEZ
- 63.MARÍA BEL ROMERO VIÑAS.
- 64.ADRIAN VILAS RODRÍGUEZ
- 65.ANTONIO GONZALEZ MELÓN e 6 Operarios servizos varios.
- 66.LUIS EUGENIO PEREIRA CEBREIRO
- 67.MANUEL PLAZA RODRÍGUEZ e 12 traballadores servizo emerxencias.
- 68.MANUEL MARTINEZ ROMERO.
- 69.JUAN SANMARTIN ORTIGUEIRA E DAVID MOCHALES AGRA
- 70.JOSE LUIS VILA GÓMEZ e 32 Policías locais.
- 71.MARÍA JOSEFA REY MUÑIZ.

Tendo en conta o exposto, e visto o informe favorable da Secretaria Xeral, PROPONSE ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO sobre resolución das reclamacións, suxestións ou alegacións presentadas:

PRIMEIRO:

Cómpre comezar sinalando que a RPT do Concello de Vilagarcía de Arousa determina o organigrama administrativo, a estrutura xerárquica, as principais características dos postos de traballo e a distribución dos mesmos en relación aos principais servizos prestados pola Administración, en manifestación da potestade de autoorganización que se lle recoñece á mesma na normativa de aplicación (artigo 4.1 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local). Que, polo tanto, no exercicio de dita potestade autoorganizativa, cada Administración Local, e neste caso o Concello de Vilagarcía de Arousa, goza dunha ampla marxe para organizar os seus servizos, de forma conxunta cos recursos humanos dispoñibles, na forma que estime máis conveniente, para a consecución dunha maior e/ou axeitada eficacia/eficiencia na súa prestación e/ou cobertura, e con arranxo ás propias necesidades legais, materiais e/ou prestacionais existentes en cada momento; non existindo, en ningún caso, un deber de mantemento absoluto e inamovible, das prácticas precedentes de organización estrutural e/ou funcional. Así mesmo, cómpre precisar que a RPT é un instrumento de ordenación dos RRHH regulador/compreensivo de circunstancias obxectivas (postos) e non subxectivas (persoais); así, a nova RPT do Concello é un instrumento legal compreensivo dos postos de traballo no que se fixan as características obxectivas definitorias dos mesmos e o seu desempeño, e non as particulares

circunstancias ou condicións laborais que, a título individual, poida ter adquirido/recoñecido o persoal.

Con relación as reclamacións individuais manifestar o seguinte:

1. SOBRE AS ALEGACIÓNS PRESENTADAS POR DONA ROCÍO LUEIRO REY.-

Unha vez recibido, e analizado, o escrito de alegacións presentado por Dona Rocío Lueiro Rey, no que solicita, en relación co posto de Deseñador/a Gráfico/a, que o mesmo sexa encadrado no grupo B, así como unha modificación na ficha de funcións, cabe realizar as seguintes consideracións:

Primeira.- As circunstancias laborais que cita a traballadora, son circunstancias de índole persoal/subxectiva que, en puridade, estarían ao marxe dos contidos propios da RPT e, consecuentemente, do obxecto real do acordo plenario de aprobación da mesma.

Así mesmo, respecto da clasificación dos postos de traballo do persoal laboral, cómpre sinalar que segundo o sistema de clasificación profesional actualmente vixente no Concello de Vilagarcía de Arousa, a praza de Deseñador/a Gráfico/a está actualmente clasificada no grupo C1 (equivalente ao grupo profesional III do persoal laboral), polo que non sería posible recoller para dito posto un grupo profesional superior ao contemplado, xa que as características e requisitos do posto deben adaptarse aos da praza, para que ambos sexan compatibles.

O posto de traballo creado na RPT, á vista das necesidades operativas do Concello e de acordo coa súa potestade autoorganizativa, é o posto de Deseñador/a Gráfico/a, clasificado no grupo C1 (equivalente ao grupo profesional III do persoal laboral).

Segunda.- Respecto da descrición funcional contemplada na RPT para o posto de Deseñador/a Gráfico/a, cabe indicar que non é un dos obxectivos fundamentais da RPT a definición exhaustiva nin das competencias funcionais dos departamentos e unidades nin dos postos de traballo, algo para o que, en todo caso, de considerarse oportuno, existen instrumentos máis apropiados, como son os manuais de funcións.

Así, debe indicarse que a descrición das funcións recollida na RPT non pretende ser exhaustiva, senón que tende a ser xenérica co obxecto de unificar grupos de tarefas.

En todo caso, na ficha do citado posto xa figuran as seguintes funcións principais:

- Asumir as tarefas de deseño e maquetación de todo o material preciso para o desenvolvemento das distintas actividades municipais.
- Xestión do contido do portal web municipal, a excepción da sede electrónica.
- Prestar apoio ós restantes departamentos do Concello nas tarefas de deseño e maquetación cando así lle sexa requirido.
- Desenvolver contidos e marcas relacionadas con campañas e produtos municipais.
- Colaborar na xestión, tramitación e seguimento administrativo dos expedientes e asuntos propios do servizo, nos termos do disposto na propia RPT e co alcance sinalado pola normativa de aplicación para o persoal pertencente á subescala administrativa de administración xeral.
- Informar e atender ao público.
- Calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra.

Polo tanto, a vista das funcións que xa están recollidas, despréndese que a descrición funcional de dito posto resulta totalmente adecuada, non existindo motivo técnico ou legal que xustifique unha modificación do mesmo.

Polo tanto, á vista das consideracións que se veñen de realizar, procede propoñer a desestimación das alegacións presentadas por Dona Rocío Lueiro Rey.

2. SOBRE AS ALEGACIÓNS PRESENTADAS POR DON JUAN CARLOS IGLESIAS MEAÑOS.-

Unha vez recibido, e analizado, o escrito de alegacións presentado por Don Juan Carlos Iglesias Meañós, no que solicita unha modificación na valoración do posto de Operario Conserxe do departamento de deportes, cabe realizar as seguintes consideracións:

Primeira.- Aos postos de traballo de Operario Conserxe do departamento de deportes

contemplados na RPT, á vista das necesidades operativas do Concello e de acordo coa súa potestade autoorganizativa, non se lles esixe unha especial dispoñibilidade.

Segunda.- Por outra parte, cómpre explicar que a valoración do posto sinalado foi disposta atendendo as súas características estruturais e funcionais e de acordo cos criterios obxectivos de carácter técnico establecidos no manual de valoración -manual amplamente contrastado para a elaboración de Relacións de Postos de Traballo en Administracións Locais- empregando os factores sinalados na normativa de aplicación, por un grupo de técnicos cunha dilatada experiencia neste eido e sempre dentro do marco da discrecionalidade técnica que a xurisprudencia vén outorgando de xeito reiterado nos procesos de valoración de postos de traballo.

Deste xeito, debe terse presente que a valoración de cada posto de traballo ten un elevado contido de discrecionalidade técnica en materia de cada Administración, sen que cada titular dun posto de traballo poida substituíla pola súa propia apetencia ou valoración persoal.

En todo caso, revisada a valoración, tanto do complemento de destino como do complemento específico, do posto de Operario Conserxe do departamento de deportes, conséntase que a mesma se axusta as características reais e actuais do mesmo, avaliadas segundo o método descrito na propia Relación de Postos de Traballo do Concello de Vilagarcía de Arousa, polo que non existe xustificación algunha que motiven os cambios solicitados. Neste senso, debe sinalarse que as condicións estruturais e funcionais do posto de traballo sinalados polo alegante, xa foron tidas en conta nas puntuacións outorgadas nos distintos factores definidos para a valoración dos postos de traballo, na magnitude que o equipo de valoración estimou oportuna.

Así mesmo, procede indicar que existe unha liña xurisprudencial consolidada que establece que a comparación entre postos, só poderá ser considerada entre postos iguais e con iguais características o que non acontece nas comparacións que cita o alegante con outros postos totalmente diferentes.

Polo exposto, sobre esta solicitude de modificación da valoración baseada en criterios subxectivos e/ou carentes de motivación suficiente; por comparación de postos de traballo con diferentes características; ou atendendo a feitos e circunstancias que xa foron tidas en conta na valoración proposta, procedería recomendar a súa desestimación.

Polo tanto, á vista das consideracións que se veñen de realizar, procede propoñer a desestimación das alegacións presentadas por Don Juan Carlos Iglesias Meaños.

3. SOBRE AS ALEGACIÓNS PRESENTADAS POR DON SANTIAGO GÓMEZ LORENZO.-

Primeira: Revisada a valoración, tanto do complemento de destino como do complemento específico, do posto de Operario servizos varios da unidade de mantemento eléctrico, conséntase que a mesma se axusta as características reais e actuais do mesmo, avaliadas segundo o método descrito na propia Relación de Postos de Traballo do Concello de Vilagarcía de Arousa, polo que non existe xustificación algunha que motiven os cambios solicitados. Neste senso, debe sinalarse que as condicións estruturais e funcionais do posto de traballo sinalados polo alegante, xa foron tidas en conta nas puntuacións outorgadas nos distintos factores definidos para a valoración dos postos de traballo, na magnitude que o equipo de valoración estimou oportuna.

Así mesmo, procede indicar que existe unha liña xurisprudencial consolidada que establece que a comparación entre postos, só poderá ser considerada entre postos iguais e con iguais características o que non acontece nas comparacións que cita o alegante con outros postos totalmente diferentes.

Polo exposto, sobre esta solicitude de modificación da valoración baseada en criterios subxectivos e/ou carentes de motivación suficiente; por comparación de postos de traballo con diferentes características; ou atendendo a feitos e circunstancias que xa foron tidas en conta na valoración proposta, procedería recomendar a súa desestimación.

Segunda.- Por outra parte, en relación coa alegación relativa a que na RPT non se reflexa a futura promoción interna dos operarios de servizos, cabe explicar que a RPT é un instrumento vivo que ten a capacidade de adaptar os seus contidos cada vez que se producen cambios ou alteracións na estrutura de persoal, polo que os referidos procesos de promoción interna non se contemplan no documento de RPT ata que cada proceso de promoción interna teña finalizado.

Polo tanto, á vista das consideracións que se veñen de realizar, procede propoñer a desestimación das alegacións presentadas por Don Santiago Gómez Lorenzo.

4. SOBRE AS ALEGACIÓNS PRESENTADAS POR DON DAVID ABEIJÓN VÁZQUEZ.-

Unha vez recibido, e analizado, o escrito de alegacións presentado por Don David Abeijón Vázquez, no que solicita un incremento na valoración do posto de Operario servizos varios da unidade de mantemento eléctrico, cabe realizar as seguintes consideracións:

Primeira.- Revisada a valoración, tanto do complemento de destino como do complemento específico, do posto de Operario servizos varios da unidade de mantemento eléctrico, conséntase que a mesma se axusta as características reais e actuais do mesmo, avaliadas segundo o método descrito na propia Relación de Postos de Traballo do Concello de Vilagarcía de Arousa, polo que non existe xustificación algunha que motiven os cambios solicitados. Neste senso, debe sinalarse que as condicións estruturais e funcionais do posto de traballo sinalados polo alegante, xa foron tidas en conta nas puntuacións outorgadas nos distintos factores definidos para a valoración dos postos de traballo, na magnitude que o equipo de valoración estimou oportuna.

Así mesmo, procede indicar que existe unha liña xurisprudencial consolidada que establece que a comparación entre postos, só poderá ser considerada entre postos iguais e con iguais características o que non acontece nas comparacións que cita o alegante con outros postos totalmente diferentes.

Polo exposto, sobre esta solicitude de modificación da valoración baseada en criterios subxectivos e/ou carentes de motivación suficiente; por comparación de postos de traballo con diferentes características; ou atendendo a feitos e circunstancias que xa foron tidas en conta na valoración proposta, procedería recomendar a súa desestimación.

Segunda.- Por outra parte, en relación coa alegación relativa a que na RPT non se reflexa a futura promoción interna dos operarios de servizos, cabe explicar que a RPT é un instrumento vivo que ten a capacidade de adaptar os seus contidos cada vez que se producen cambios ou alteracións na estrutura de persoal, polo que os referidos procesos de promoción interna non se contemplan no documento de RPT ata que cada proceso de promoción interna teña finalizado.

Polo tanto, á vista das consideracións que se veñen de realizar, procede propoñer a desestimación das alegacións presentadas por Don David Abeijón Vázquez.

5. SOBRE AS ALEGACIÓNS PRESENTADAS POR DON JUAN JOSÉ DURÁN CRESPO.-

Unha vez recibido, e analizado, o escrito de alegacións presentado por Don Juan José Durán Crespo, no que solicita un incremento na valoración do posto de Operario servizos varios da unidade de mantemento eléctrico, cabe realizar as seguintes consideracións:

Primeira.- Revisada a valoración, tanto do complemento de destino como do complemento específico, do posto de Operario servizos varios da unidade de mantemento eléctrico, conséntase que a mesma se axusta as características reais e actuais do mesmo, avaliadas segundo o método descrito na propia Relación de Postos de Traballo do Concello de Vilagarcía de Arousa, polo que non existe xustificación algunha que motiven os cambios solicitados. Neste senso, debe sinalarse que as condicións estruturais e funcionais do posto de traballo sinalados polo alegante, xa foron tidas en conta nas puntuacións outorgadas nos distintos factores definidos para a valoración dos postos de traballo, na magnitude que o equipo de valoración estimou oportuna.

Así mesmo, procede indicar que existe unha liña xurisprudencial consolidada que establece que a comparación entre postos, só poderá ser considerada entre postos iguais e con iguais características o que non acontece nas comparacións que cita o alegante con outros postos totalmente diferentes.

Polo exposto, sobre esta solicitude de modificación da valoración baseada en criterios subxectivos e/ou carentes de motivación suficiente; por comparación de postos de traballo con diferentes características; ou atendendo a feitos e circunstancias que xa foron tidas en conta na valoración proposta, procedería recomendar a súa desestimación.

Segunda.- Por outra parte, en relación coa alegación relativa a que na RPT non se reflexa a futura promoción interna dos operarios de servizos, cabe explicar que a RPT é un instrumento vivo que ten a capacidade de adaptar os seus contidos cada vez que se producen cambios ou alteracións na estrutura de persoal, polo que os referidos procesos de promoción interna non se contemplan no documento de RPT ata que cada proceso de promoción interna teña finalizado.

Polo tanto, á vista das consideracións que se veñen de realizar, procede propoñer a desestimación das alegacións presentadas por Don Juan José Durán Crespo.

6. SOBRE AS ALEGACIÓNS PRESENTADAS POR DON SERGIO AMOEDO FERREIRO.-

Unha vez recibido, e analizado, o escrito de alegacións presentado por Don Sergio Amoedo Ferreiro, no que solicita un incremento na valoración do posto de Operario servizos varios da unidade de mantemento eléctrico, cabe realizar as seguintes consideracións:

Primeira.- Revisada a valoración, tanto do complemento de destino como do complemento específico, do posto de Operario servizos varios da unidade de mantemento eléctrico, constátase que a mesma se axusta as características reais e actuais do mesmo, avaliadas segundo o método descrito na propia Relación de Postos de Traballo do Concello de Vilagarcía de Arousa, polo que non existe xustificación algunha que motiven os cambios solicitados. Neste senso, debe sinalarse que as condicións estruturais e funcionais do posto de traballo sinalados polo alegante, xa foron tidas en conta nas puntuacións outorgadas nos distintos factores definidos para a valoración dos postos de traballo, na magnitude que o equipo de valoración estimou oportuna.

Así mesmo, procede indicar que existe unha liña xurisprudencial consolidada que establece que a comparación entre postos, só poderá ser considerada entre postos iguais e con iguais características o que non acontece nas comparacións que cita o alegante con outros postos totalmente diferentes.

Polo exposto, sobre esta solicitude de modificación da valoración baseada en criterios subxectivos e/ou carentes de motivación suficiente; por comparación de postos de traballo con diferentes características; ou atendendo a feitos e circunstancias que xa foron tidas en conta na valoración proposta, procedería recomendar a súa desestimación.

DECIMO PRIMEIRO: Notificar o presente acordo aos interesados, con indicación dos recursos que procedan.

O organigrama, a relación de postos de traballo do Concello de Vilagarcía de Arousa e a táboa co custe estimado da RPT actualizado a data 3.10.2022 estará accesible na sede electrónica do Concello seguinte:

<https://sede.vilagarcia.gal/public/publications/list/transparency/RRHH-OUTROS/details/20114527>
Vilagarcía de Arousa, na data de sinatura dixitalizada.

O Alcalde Presidente

D. Alberto Varela Paz.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, Vilagarcía en Común, Podemos-Marea da Vila e Concelleiro non adscrito din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación definitiva da proposta da Alcaldía sobre o organigrama e relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Vilagarcía de Arousa e toma de decisión sobre as alegacións presentadas.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con trece votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (12) e Concelleiro non adscrito (1) e sete abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do PP (5), Vilagarcía en Común (1) e Podemos-Marea da Vila (1)

ACÓRDASE:

PRIMEIRO:

a) Estimar total ou parcialmente as alegacións presentadas en base aos argumentos expostos e que foron subscrias por:

1. - ANA BELEN GARCIA RODRIGUEZ
2. - ANGELES FERNÁNDEZ DEL RÍO
3. - PATRICIA GARCÍA MARIA
4. - JESUS NOGUEIRA FRANCO
5. - MANUEL ANGEL FIGUEIREDO GONZÁLEZ
6. - MARIA DEL CARMEN MARIÑO PADIN
7. - AURELIO LÓPEZ FRANCO
8. - MANUEL DURÁN ABALO
9. - ADRIAN VILAS RODRÍGUEZ

b) Desestimar as alegacións presentadas en base aos argumentos expostos e que foron subscrias por:

1. ROCIO LUEIRO REY
2. JUAN CARLOS IGLESIAS MEAÑOS
3. SANTIAGO GOMEZ LORENZO.
4. DAVID ABEIJON VAZQUEZ
5. JUAN JOSÉ DURÁN CRESPO.
6. SERGIO AMOEDO FERREIRO.
7. MARCOS AMOEDO FERREIRO.
8. JUAN JOSÉ VENTOSO FUENTES.
9. SALVADOR COUSO SIMÓN.
10. OSCAR PORTAS ABAL
11. ENRIQUE MONTENEGRO PORTUGAL.
12. MANUEL VILAN JAMARDO.
13. MONTSERRAT ACHA LEDE.

- 14.ANA ROSA GONZÁLEZ SEGADE
- 15.INES GAMALLO SABORIDO
- 16.M^a SOLEDAD BARREIRO BRIANES.
- 17.MARIA DEL CARMEN GUTIÉRREZ.
- 18.DANIEL GONZÁLEZ MENDEZ
- 19.MARÍA JESUS PEREZ RODRÍGUEZ.
- 20.FÁTIMA NUÑEZ FABEIRO.
- 21.JOSE MANUEL NAVIA AIDO.
- 22.JUAN JOSÉ MUÑIZ RIVEIRO (
- 23.PAULA RIAL DIESTE.
- 24.MARÍA CRISTINA MARIÑO BLANCO
- 25.ADELA MIGUÉNS MUÑIZ.
- 26.FERNANDO DAVILA LÓPEZ
- 27.ROSA MARÍA OTERO PIÑEIRO.
- 28.MARÍA JOSÉ MARTÍNEZ VIDAL
- 29.MARÍA DEL MAR LOJO CAAMAÑO
- 30.IRIA CAMBA REY
- 31.BEGOÑA FONTÁN FAJARIDO
- 32.MARÍA JOSE MARTINEZ VIDAL e 2 Administrativos tesourería.
- 33.PATRICIA LOPEZ IGLESIAS.
- 34.BEATRIZ CASTRO BARREIRO
- 35.DIEGO JOSE FERNANDEZ CAMPOS.
- 36.JOSE MANUEL FRESCO BLANCO.
- 37.EDUARDO ERNESTO VILA LODEIRO
- 38.COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL.
- 39.ANTONIO GONZÁLEZ MELÓN
- 40.BEATRIZ CAMBA CORTES
- 41.BLANCA ROSA VÁZQUEZ CORRAL
- 42.MARÍA DEL CARMEN INSUA RUBIANES e 6 Auxiliares biblioteca.
- 43.RICARDO MANUEL LAGES VAZQUEZ.
- 44.JOSÉ MANUEL BERDULLAS BOTANA
- 45.MARIA DOLORES AGRA TORRES.
- 46.MARÍA MERCEDES GARCÍA LORENZO
- 47.CARMEN MARÍA ABALO FERNÁNDEZ
- 48.MIGUEL MANEIRO BETANZOS.
- 49.LUIS MIGUEL GONZALEZ CASTRO
- 50.RAMIRO AGRELO IGLESIAS.
- 51.NARCISO BOULLOSA TUÑEZ.
- 52.MARÍA ANTONIA CATOIRA LOPEZ
- 53.MARÍA CONCEPCIÓN BARBERO FERNANDEZ.
- 54.SUSANA CASAL MARTINEZ
- 55.MARÍA BEL ROMERO VIÑAS.
- 56.ANTONIO GONZALEZ MELÓN e 6 Operarios servizos varios.
- 57.LUIS EUGENIO PEREIRA CEBREIRO
- 58.MANUEL PLAZA RODRÍGUEZ e 12 traballadores servizo emerxencias.
- 59.MANUEL MARTINEZ ROMERO.
- 60.JUAN SANMARTIN ORTIGUEIRA E DAVID MOCHALES AGRA
- 61.JOSE LUIS VILA GÓMEZ e 32 Policías locais.
- 62.MARÍA JOSEFA REY MUÑIZ

SEGUNDO: A estimación da repercusión económica da nova valoración de postos de traballo. En termos económicos o custe da aplicación da nova RPT segundo o Acordo de Aprobación Inicial para o Concello ascendía a un total de 562.489,40€; de este custe total a creación de novos postos de traballo supón 76.184,12€ e a nova valoración dos postos xa existentes o restante 486.305,28€.

A aplicación económica segundo o acordo acadado coas organización sindicais debería facerse

dende a súa aprobación definitiva polo Pleno Municipal en un período de tres anualidades naturais (2022-2024), non obstante quedaría suxeita a existencia do crédito económico correspondente.

Respecto a estimación de valoración económica da aplicación da nova estrutura de organigrama e Relación de Postos de Traballo e con relación especial a aqueles postos de traballo que viñan percibindo segundo o Acordo Marco e Convenio Colectivo importes por realización de servizos extraordinarios en día festivo ou xornada ordinaria día domingo, ao integrarse estas circunstancias na valoración do Complemento Específico deixaríanse de percibir os conceptos anteriores vixentes e quedarían sen efecto as previsión do Acordo Marco, e no cálculo da repercusión económica deberán minorarse nos importes correspondentes e que no ano 2021 foron os seguintes:

Polo que a repercusión económica neta respecto dos postos de traballo xa existentes era no Acordo de Aprobación Inicial de 391.726,09€ para o período 2022 a 2024.

Do informe Técnico realizado por Galivalia SLU estímase total ou parcialmente varias das 71 alegacións, reclamacións ou suxestións presentadas, e que veñen a ter a seguinte repercusión económica:

O custe total para o Concello ascendía a un total de 577.036,47€; de este custe total a creación de novos postos de traballo supón 76.184,12€ e a nova valoración dos postos xa existentes o restante 500.852,35€. Deducindo a cantidade de 94.579,19 €, resulta a cantidade de 406.273,16 € que ven supoñer un incremento respecto a aprobación inicial de 14.547,07 €.

A aplicación económica segundo o acordo acadado coas organización sindicais debería facerse dende a súa aprobación definitiva polo Pleno Municipal en un período de tres anualidades naturais (2022-2024), non obstante quedaría suxeita a existencia do crédito económico correspondente.

O Acordo de Aprobación Inicial establecía que “no ano 2022 destinarase a aplicación da nova RPT un máximo de 156.690,44€ para a anualidade completa dende o 1 de xaneiro e que será proporcional ao momento do ano no que finalmente resulte aprobada definitivamente”.

O acordo sindical establecía un 40% no ano 2022, un 30% para o 2023 e un 30% no 2024.

Por elo de estimarse as alegacións segundo o informe técnico e valoración económica resultante obrante no expediente o importe correspondente ao 40% da anualidade 2022 pasaría a ser para o ano completo de 162.509,26€. Nembargantes dado o avanzado na anualidade 2022 e que unicamente podería aplicarse os novos valores da valoración de RPT do 40% nos meses de novembro e decembro a repercusión económica para o ano 2022 sería de 27.084,88€.

Debe terse en especial consideración que a aplicación do novo esquema retributivo e a súa aplicación en diferentes porcentaxes durante tres anos é tecnicamente un proceso moi complexo que require un tempo moi importante para realizar na nómina de cada un dos empregados afectados e da configuración xeral de taboas salariais e métodos de cálculo interno do sistema informático para o correcta confección das nóminas mensuais.

Por elo e dado o avanzado do ano 2022 procedería máis axeitado non aplicar a porcentaxe do 40% unicamente para os meses de novembro e decembro, e adiantar a aplicación da porcentaxe do 70% inicialmente prevista para xaneiro de 2023 xa ao mes de novembro de 2022, de este xeito se simplificaría de modo moi significativo a aplicación da nova valoración de postos a dous tramos seguintes:

70% do 1 de novembro de 2022 ao 31 de decembro de 2023.

30% restante do 1 de xaneiro de 2024.

A estimación da repercusión económica da aplicación do 70% da valoración a partir do mes de novembro de 2022 sería no ano 2022 de: 47.398,65 € (meses de novembro e decembro de 2022).

TERCEIRO: A aprobación da Táboa co custo estimado da RPT actualizado a data 3.10.2022, de acordo co texto achegado pola empresa redactora GALIVALIA CONSULSTGO SL, denominado “Táboa co custe estimado da RPT de Vilagarcía de Arousa actualizado a data 3.10.22”, documento nº 24 do expediente RRHH/2022/000138. A repercusión económica para o Concello na data de aprobación inicial era de 391.726,09 €, na actualidade, tendo en conta a estimación de algunhas alegacións presentadas é de 406.273,16 € para o período 2022-2024 o que ven supoñer un incremento de 14.547,07 €

Propónse ao Pleno Municipal a aplicación do 70% do custe previsto a partir do 1 de novembro de 2022 ata o 31 de decembro de 2023 e do restante 30% con efectos do 1 de xaneiro de 2024,

cunha repercusión económica estimada para o ano 2022 de 47.398,65 € (novembro e decembro 2022).

CUARTO: A aprobación definitiva do Organigrama, Catálogo e Relación de Postos de Traballo do Concello de Vilagarcía de Arousa (RPT), coas correccións estimadas no apartado primeiro desta proposta, quedando o seu texto definitivo redactado como resulta do texto achegado pola empresa redactora GALIVALIA CONSULSTGO SL, denominado “PROPOSTA DE ORGANIGRAMA E RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE VILAGARCIA DE AROUSA”, actualizado a data 3.10.2022, documento nº 25 do expediente RRHH/2022/000138.

QUINTO: Na nova valoración de retribucións complementarias se inclúe o denominado “Anticipo a conta de RPT” que se viña aboando dende o ano 2010, e que unha vez integrado nas retribucións complementarias queda extinguido de modo definitivo para todos os postos de traballo sen que da valoración resultante proceda a regularización de importes xa percibidos.

SEXTO: A aprobación da nova organización do corpo da Policía Local, que afecta fundamentalmente a distribución da xornada de traballo: quendas, calendario laboral e cuadrante laboral, vacacións e permisos, servizos en festivos especiais, asignación de servizos extraordinarios, cambios de quendas, todo elo coa finalidade de acadar unha prestación do servizo máis eficiente e garantir un servizo permanente e unha axeitada conciliación persoal e familiar aos empregados públicos.

SÉTIMO: Que as persoas que desempeñan postos de traballo integrados no Servizo de Emerxencias Municipal perciban o complemento específico singular por nocturnidade nos mesmos termos en que xa viña contemplado para a Policía Local para as quendas de noite no artigo 44 do Acordo Marco vixente con data de efectos do 1 de novembro de 2022.

OITAVO: Na nova valoración das retribucións complementarias (CD e CE) dos postos de traballo se inclúe a valoración das funcións e tarefas que tiñan asignadas os postos de traballo abaixo relacionados por diferentes resolucións de gratificacións especiais periódicas, complementos singulares, etc... e que coa nova valoración quedan extinguidos e sen efecto as resolucións que as fundamentan.

ENCARGADO DE OBRAS COORDINADOR

ARQUITECTO

ARQUITECTO TÉCNICO COORDINADOR

TECNICO FP (B) INFORMÁTICA

ADMINISTRATIVA (Caixa Fixa)

XEFA SECCIÓN (Intervención delegada FPSDM)

XESTORA-ADMINISTRATIVA (Secretaria delegada FPSDM)

OPERARIO SERVICIOS MÚLTIPLES (encargado FPSDM)

PROFESORA DIRECTORA CMUS

PROFESORA XEFA ESTUDOS CMUS

Coordinadora SPAD

PROFESOR DIRECTOR Banda Música

NOVENO: Ordenar a publicación do texto íntegro do Organigrama e Relación de Postos de Traballo do Concello de Vilagarcía de Arousa(RPT) sen o Catálogo, actualizado a data 3.10.2022, no BOPPO, na web do concello e no taboleiro electrónico de anuncios do Concello.

DÉCIMO: Remitir unha copia da relación de postos de traballo aos órganos competentes da administración xeral do Estado e da administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, dentro do prazo de trinta días, e será publicada integramente no boletín oficial da provincia.

DECIMO PRIMEIRO: Notificar o presente acordo aos interesados, con indicación dos recursos que procedan.

O organigrama, a relación de postos de traballo do Concello de Vilagarcía de Arousa e a táboa co custe estimado da RPT actualizado a data 3.10.2022 estará accesible na sede electrónica do Concello seguinte:

<https://sede.vilagarcia.gal/public/publications/list/transparency/RRHH-OUTROS/details/20114527>

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20221027&punto=6>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

7.- TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓN S OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS.:

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Están presentadas as seguintes solicitudes de participación cidadá:

- D. José Alberto Lameiro Dacosta, Presidente do Edificio Mar de Arousa, en relación co asunto que figura co nº 11 da Orde do Día do Pleno, seguinte: Aprobación, se procede, da moción presentada polo Concelleiro non adscrito para a identificación da orixe dun verquido ó subsolo urbano e adopción de medidas de prevención ante o risco medioambiental.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20221027&punto=7>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

A seguir polo Sr. Alcalde alterase a orde do día do pleno, pasando a debatir a continuación , o asunto que figura co nº 11.

11.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO CONCELLEIRO NON ADSCRITO PARA IDENTIFICACIÓN DA ORIXE DUN VERQUIDO Ó SUBSOLO URBANO E ADOPCIÓN DE MEDIDAS DE PREVENCIÓN ANTE O RISCO MEDIOAMBIENTAL. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade de data 27 de outubro de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo Concelleiro non adscrito, coa data de 19 de outubro de 2022, do seguinte teor:

David Higinio Oliveira Barreiro, Concelleiro do Concello de Vilagarcía ó abeiro do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Jurídico das Entidades Locais expón para o seu debate no Pleno da Corporación, e aprobación no Pleno Ordinario do Concello do 27 de Outubro de 2022 a seguinte

MOCIÓN PARA A IDENTIFICACIÓN DA ORIXE DUN VERQUIDO Ó SUBSOLO URBANO E ADOPCIÓN DE MEDIDAS DE PREVENCIÓN ANTE O RISCO MEDIO AMBIENTAL

No marco legislativo de augas continentais, considérase verquido a toda emisión de contaminantes que se realice directa ou indirectamente ás augas continentais, así como ó resto do Dominio Público Hidráulico, calquera que sexa o procedemento ou técnica empregada.

Segundo o Ministerio de Transición Ecolóxica, no caso de que o verquido teña por destino as augas subterráneas, se considera verquido indirecto se se fai mediante filtración a través do solo ou subsolo (verquido ó terreo).

Unha das fontes de contaminación do solo máis habitual é o almacenamento incorrecto de produtos e/ou residuos. Como exemplos máis comúns de este tipo de problemas podemos citar as fugas en tanques de almacenaxe, ou os verquidos accidentais a superficies sen impermeabilizar, o que pode provocar, a través de lixivación (no sentido ecolóxico do termo) a contaminación do solo, augas subterráneas e augas superficiais.

Non é discutible e resulta evidente que os Entes Locais deben ter especial coidado coa protección do medioambiente, competencia que lles é tamén propia.

No mes de marzo do presente ano 2022, a Comunidade de Veciños do edificio Mar de Arousa, sita entre las Rúas Doctor Tourón e Avenida Rodrigo de Mendoza neste Concello, detectaron a presenza de hidrocarburos nas redes de drenaxe e nos subsolos e paredes dos garaxes (pranta menos 2) da súa finca.

Nese mesmo intre e ó non ter depósito de gasoil no edificio contactaron con diferentes técnicos, coa Policía Local, con Medio Ambiente, co SEPRONA, e coa Concellería de Urbanismo, obtendo sempre a mesma resposta que é que se trata un problema privado. Un problema privado que provén do exterior da finca e ante o que a citada Comunidade non ten capacidade para resolver. Estas acumulacións de hidrocarburos de orixe descoñecido fan perigoso e perxudicial o acceso e emprego dos garaxes.

Estándo este concelleiro no edificio no mes de setembro pudo constatar que é apreciable olfativamente a presenza destes hidrocarburos na terceira planta do inmovible. Neste edificio residen familias, moitas delas con nenos, e a Axencia Americana para Sustancias Tóxicas e Rexistro de Enfermidades dependente do Goberno Americano sostén que "respirar vapores de combustible diesel por un período prolongado pode danar os riles, aumentar a presión sanguínea ou reducir a capacidade do corpo para coagular o sangue."

Dado o risco evidente dun posible derrame de Gas-Oil ó Río do Con con consecuencias graves dende o punto de vista medio ambiental, ao risco de afeccións importantes para a saúde dos veciños, dado que as filtracións poden provir de acumulacións de hidrocarburos no subsolo da vía pública, e conforme a todo o exposto anteriormente solicitamos a adopción dos seguintes

ACORDOS

1. O Concello de Vilagarcía reconece que dende o momento no que se detectou a presenza de hidrocarburos no subsolo existe un verquido indirecto con risco medio ambiental.
2. O Concello de Vilagarcía porá tódolos medios ó seu alcance para identificar a orixe do verquido.
3. O Concello de Vilagarcía instará a outras Administracións e Organismos Públicos competentes para colaborar na búsqueda da orixe do verquido.
4. O Concello de Vilagarcía realizará, naqueles puntos do solo e subsolo público da contorna do edificio que puderan estar afectados, sondeos con toma de mostras e análise posterior para determinar a posible existencia e o nivel de concentración de hidrocarburos, a fin de garantir a non presenza de balsas subterráneas que poidan continuar filtrando Gas-Oil ós afectados ó longo do tempo ou derivar por escorrentías directamente ó Río do Con.
5. O Concello asesorará ós veciños afectados para solucionar un problema sobrevido co fin de previr un problema medio ambiental para a cidadanía en xeral.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, Vilagarcía en Común, Podemos-Marea da Vila e Concelleiro non adscrito informan favorablemente.

As persoas representantes do grupo político municipal do PP din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo concelleiro non adscrito para identificación da orixe dun verquido ó subsolo urbano e adopción de medidas de prevención ante o risco medioambiental.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE: aprobar a moción presentada polo Concelleiro non adscrito e:

1. O Concello de Vilagarcía recoñece que dende o momento no que se detectou a presenza de hidrocarburos no subsolo existe un verquido indirecto con risco medio ambiental.
2. O Concello de Vilagarcía porá tódolos medios ó seu alcance para identificar a orixe do verquido.
3. O Concello de Vilagarcía instará a outras Administracións e Organismos Públicos competentes para colaborar na búsqueda da orixe do verquido.
4. O Concello de Vilagarcía realizará, naqueles puntos do solo e subsolo público da contorna do edificio que puderan estar afectados, sondeos con toma de mostras e análise posterior para determinar a posible existencia e o nivel de concentración de hidrocarburos, a fin de garantir a non presenza de balsas subterráneas que poidan continuar filtrando Gas-Oil ós afectados ó longo do tempo ou derivar por escorrentías directamente ó Río do Con.
5. O Concello asesorará ós veciños afectados para solucionar un problema sobrevido co fin de previr un problema medio ambiental para a cidadanía en xeral.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20221027&punto=11>

Así mesmo poderá acceder á gravación integra en: sede.vilagarcia.gal

8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG SOBRE AS MELLORAS NO TRANSPORTE ESCOLAR NO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA. Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do BNG coa data de 17 de outubro de 2022, seguinte:

Ao non asistir á sesión a persoa representante do grupo político municipal do BNG procedese a retirar o presente asunto da orde do día da Comisión Informativa e do Pleno da Corporación.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20221027&punto=8>

Así mesmo poderá acceder á gravación integra en: sede.vilagarcia.gal

9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG EN DEFENSA DA FROTA PESQUEIRA GALEGA FRONTE AO NOVO REGULAMENTO IMPOSTO POLA COMISIÓN EUROPEA.- Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do BNG coa data de 17 de outubro de 2022, seguinte:

MOCIÓN EN DEFENSA DA FROTA PESQUEIRA GALEGA FRONTE AO NOVO REGULAMENTO IMPOSTO POLA COMISIÓN EUROPEA

Ao non asistir á sesión a persoa representante do grupo político municipal do BNG procedese a retirar o presente asunto da orde do día da Comisión Informativa e do Pleno da Corporación.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20221027&punto=9>

Así mesmo poderá acceder á gravación integra en: sede.vilagarcia.gal

10.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO

MUNICIPAL DE PODEMOS-MAREA DA VILA PARA A REALIZACIÓN DUN ESTUDO SOBRE O ESTADO DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DE VILAGARCÍA DE AROUSA E UN PLAN DE MANTEMENTO E MELLORA DAS MESMAS. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade de data 27 de outubro de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta da Moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila coa data de 18 de outubro de 2022, do seguinte teor:

María de la O Fernández González, concelleira e voceira do Grupo Municipal de Marea da Vila, ao abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexan propoñer para a súa consideración por parte do Pleno Municipal de Vilagarcía de Arousa, na súa sesión ordinaria do mes de outubro, a seguinte moción:

Moción para a realización dun estudo sobre o estado das instalacións deportivas de Vilagarcía de Arousa e un plan de mantemento e mellora das mesmas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Vilagarcía de Arousa conta con diversas instalacións deportivas, entre elas seis campos de fútbol, sete pabellóns deportivos, catro canchas de tenis, pistas de atletismo e piscinas, cuxo mantemento e estado depende do Concello de Vilagarcía de Arousa. Ditas instalacións son fundamentais para as actividades de diversas entidades deportivas que teñen no deporte de base uns dos seus piares. Sen dúbida, o deporte de base é a correa de transmisión que impulsa o deporte vilagarcían, e debemos parabenizarnos polo seu dinamismo que fai que o os clubs de Vilagarcía teñan cada vez un maior número de nenos e nenas que queren practicar deporte, cuestión que redonda positivamente na súa saúde, socialización e creación de valores como a cooperación e o traballo en equipo. Por iso, dende as institucións debemos mostrarnos satisfeitas por esta evolución, pero tamén saber dar resposta á crecente demanda que pasa polo acondicionamento, mellora e ampliación das instalacións deportivas para poder acoller este aumento da mesma. O Concello de Vilagarcía de Arousa debe actuar como facilitador, estar á disposición dos clubs e atender e planificar estratexias de forma colaborativa coas entidades e clubs co fin de que o deporte de base sexa semente de futuro.

Nas últimas semanas tivemos coñecemento das dificultades coas que se atopan distintos clubs polo estado das instalacións nas que realizan as súas actividades. É o caso do Manuel Jiménez cuxo céspede se atopa ao final da súa vida útil, tal e como recoñecía a propia Fundación de Deportes, o que provocou lesións en algúns xogadores. Situación similar ao céspede do campo de fútbol de Berdón.

Outras instalacións, como o pavillón número 1 de Fontecarmoa, están pendentes dunha remodelación integral que, a pesar de contar xa con financiamento, continúa a facerse de rogar, sen terse iniciado aínda os traballos, algo que é urxente cando se examina o estado do pavillón número 2 de Fontecarmoa, con perigosas filtracións de auga, no que deberían desenvolverse as actividades deportivas ata a ansiada remodelación do pavillón número 1, algo que non sempre é posible.

Por outra banda, no pavillón multiusos de Fexdega están a desenvolverse actividades deportivas cunhas condicións de provisionalidade que parecen perpetuarse, pero sen, como se deduce desa condición de provisionalidade, que o mesmo teña neste momento as características óptimas para o desenvolvemento destas actividades deportivas. Isto a pesar de que xa hai tempo que se converteu nunha instalación imprescindible para a realización das actividades deportivas en Vilagarcía.

En todo caso, entendemos que o compromiso polo deporte de base e o acceso ás actividades deportivas en condicións de igualdade para o conxunto da poboación, merece dunha xestión planificada e non formular solucións como resposta á queixa cando as instalacións están nun estado tal que aqueles que as empregan teñen que alzar a voz. O futuro non pode depender das improvisacións, senón que debería ser unha cuestión do modelo polo que se pode apostar.

Por todo o anteriormente exposto, propónse ao Pleno do Concello a adopción dos seguintes:

ACORDOS

Instar ao Concello de Vilagarcía de Arousa a:

1. Xunto a Fundación de Deportes e en colaboración cos clubs de Vilagarcía de Arousa, realizar

un estudo sobre o estado das instalacións deportivas de Vilagarcía co fin de planificar a súa intervención sobre elas, priorizando aquelas que estean nun peor estado, e establecendo plans de mantemento axeitados que prevean as actuacións futuras segundo a vida útil dos elementos que as compoñen, como poden ser os tepes dos céspedes.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais de Vilagarcía en Común, Marea da Vila e Concelleiro non adscrito informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE e PP din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila para a realización dun estudo sobre o estado das instalacións deportivas de Vilagarcía de Arousa e un plan de mantemento e mellora das mesmas.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE: aprobar a moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila e:

1. Que o Concello de Vilagarcía, xunto a Fundación de Deportes e en colaboración cos clubs de Vilagarcía de Arousa, realizar un estudo sobre o estado das instalacións deportivas de Vilagarcía co fin de planificar a súa intervención sobre elas, priorizando aquelas que estean nun peor estado, e establecendo plans de mantemento axeitados que prevean as actuacións futuras segundo a vida útil dos elementos que as compoñen, como poden ser os tepes dos céspedes.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20221027&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

12.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP PARA A MELLORA DO MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DO PARQUE ENRIQUE VALDÉS BERMEJO (O CASTRIÑO).- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade de data 27 de outubro de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PP coa data de 19 de outubro de 2022, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular de Vilagarcía, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula, para a súa discusión, e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 27 de outubro de 2022 a seguinte:

Moción para a mellora do mantemento e conservación do parque Enrique Valdés Bermejo (O Castriño)

EXPOÑEN

O parque Enrique Valdés Bermejo, coñecido orixinal e popularmente como O Castriño, é un dos maiores espazos verdes de Vilagarcía por extensión (12.000 metros cadrados) e pola riqueza e exotismo das especies que contén. É máis, trátase do parque de maior riqueza botánica de todo o municipio.

A súa orixe remóntase aos anos 30, cando os Duques de Terranova converteron parte da súa finca particular nun xardín con gran variedade de especies exóticas traídas de todas as partes do mundo a través do porto. Posteriormente a propiedade pasaría a ser patrimonio municipal e desde entón o Concello de Vilagarcía destinouna ao uso público para o desfrute de toda a

ciudadanía.

Ademais do gran valor histórico e ambiental que ofrece este parque, forma parte dunha zona ligada ao mesma orixe de Vilagarcía e na que se atopa un dos xacementos arqueolóxicos máis importantes do noroeste peninsular: o Castro Aobre.

Todo iso fai do parque Enrique Valdés Bermejo e da súa contorna un enclave inigualable. Pero, con todo, a deterioración pasou a ser dun tempo para acó a súa principal seña de identidade e actualmente a imaxe que ofrece aos visitantes non é o que se correspondería dun lugar destas características: zonas cheas de maleza, varandas e papeleiras rotas, restos de lixo repartidos por todo o parque, un estanque sen auga e sucio, etc.

Consideramos que chegou o momento de revertir esta situación e devolver xa non o esplendor de outrora ao parque do Castriño, senón polo menos mellorar as tarefas de mantemento e conservación para facer del un dos principais

atractivos de Vilagarcía tanto para os nosos visitantes como para a propia cidadanía.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal Popular de Vilagarcía propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO

1. Instar ao Concello de Vilagarcía a elaborar e orzamentar un plan de recuperación e posta en valor do parque Enrique Valdés Bermejo.

2. Instar ao Concello de Vilagarcía a mellorar de cara ao futuro máis próximo as tarefas de mantemento e conservación do parque Enrique Valdés Bermejo e acometer de xeito inmediato as seguintes actuacións:

a) Retirar o lixo espaxado polo parque con máis frecuencia.

b) Incrementar o número de papeleiras.

c) Limpar e adecentar os bancos de madeira.

d) Arranxar e/ou substituír os elementos de xogo deteriorados.

e) Mellorar e incrementar a instalación lumínica.

f) Arranxar as varandas soltas ou rotas, tanto de aceiro como de madeira, e proceder a retirar as vallas na máxima brevidade posible (sempre que se garantan todas as condicións de seguridade para os usuarios do parque).

3. Instar ao Concello de Vilagarcía a elaborar e orzamentar un plan para a posta en valor e a dinamización dos restos arqueolóxicos do Castro Aobre.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, Vilagarcía en Común, Podemos-Marea da Vila e Concelleiro non adscrito informan favorablemente.

As persoas representantes do grupo político municipal do PSG-PSOE din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PP para a mellora do mantemento e conservación do Parque Enrique Valdés Bermejo (O Castriño).

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con oito votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PP (5), Vilagarcía en Común (1), Podemos-Marea da Vila (1) e Concelleiro non adscrito, e doce votos en contra dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PSG-PSOE (12,

ACÓRDASE Por maioría rexeitar a moción presentada polo grupo político municipal do PP para a mellora do mantemento e conservación do Parque Enrique Valdés Bermejo (O Castriño).

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20221027&punto=12>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

13.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA SOLICITUDE DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP DE COMPARECENCIA DE DONA PAOLA MARÍA MOCHALES, EN CALIDADE DE CONCELLEIRA DE URBANISMO, SOBRE OS PROBLEMAS PRODUCIDOS NA REDE DE SANEAMENTO DURANTE A EXECUCIÓN DA OBRA “HUMANIZACIÓN DA RÚA ARCEBISPO LAGO”. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade de data 27 de outubro de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta do escrito presentado polo grupo político municipal do PP coa data de 18 de outubro de 2022, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular de Vilagarcía, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula, para a súa discusión, e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 27 de outubro de 2022 a seguinte:

Solicitud de comparecencia de Dona Paola María Mochales, en calidade de concelleira de Urbanismo, sobre os problemas producidos na rede de saneamento durante a execución da obra “Humanización da rúa Arcebispo Lago”

EXPOÑEN

Ao longo dos últimos meses, desde o inicio dos traballos de execución da obra “Humanización da rúa Arcebispo Lago”, a veciñanza desta rúa vén manifestando queixas por atascos na rede de saneamento e malos olores nos edificios. De feito, foi precisa en varias ocasións a actuación dun camión para proceder a desatascala.

Recentemente fíxose público que a orixe deste problema é que unha das fontes contempladas no proxecto foi situada enriba dun pozo de rexistro. Polo que foi preciso romper o formigón para redescubrir ese pozo e abrílo para poder acceder á rede de saneamento.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal Popular de Vilagarcía

SOLICITA

A comparecencia de Dona Paola María Mochales, en calidade de concelleira de Urbanismo, para responder ás seguintes preguntas en relación aos problemas producidos na rede de saneamento durante a execución da obra “Humanización da rúa Arcebispo Lago”:

1. Ao longo do proceso de redacción e execución deste proxecto elaborouse algún informe ou estudo sobre o estado da rede de saneamento ao longo da rúa Arcebispo Lago?
2. En caso afirmativo, cales son as conclusións dese informe ou estudo?
3. En caso negativo, por que non se fixo ese informe ou estudo tendo en conta a posible afectación dos traballos previstos no proxecto á rede de saneamento?
4. Estaba previsto no proxecto a renovación da rede de saneamento que transcorre ao longo da rúa Arcebispo Lago?
5. En caso afirmativo, por que non se levou a cabo esa renovación?
6. En caso negativo, por que non estaba contemplada esa renovación?
7. A renovación das tubaxes existentes vai requirir a elaboración dun proxecto modificado e/o un aumento do custo do proxecto?
8. Por que se decidiu situar unha fonte na intersección entre Arcebispo Lago e Praza de Galicia cando unha vez feito o replanteo se constata que esta actuación vai a supoñer que un pozo de rexistro quede cego e non se poda acceder a el en caso de atasco na rede de saneamento?
9. Cales foron as actuacións levadas a cabo e cales son as actuacións previstas a continuación para solucionar este problema?
10. A mediados de setembro atopáronse na esquina entre Arcebispo Lago e Brandariz os restos dunha antiga canalización de pedra e, tal e como se publicou, o arquitecto redactor do proxecto foi o encargado de realizar a inspección e tomar a decisión de continuar os traballos. Cales son exactamente as características dos restos atopados? Con base en que criterio tomouse a decisión de continuar os traballos?

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes de tódolos grupos políticos municipais e Concelleiro non adscrito informan favorablemente a comparecencia de Dona Paola María Mochales, en calidade de Concelleira de Urbanismo, sobre os problemas producidos na rede de saneamento durante a execución da obra “Humanización da Rúa Arcebispo Lago”.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a comparecencia no próximo pleno ordinario de Dona Paola Maria Mochales, en calidade de Concelleira de Urbanismo, sobre os problemas producidos na rede de saneamento durante a execución da obra “Humanización da Rúa Arcebispo Lago”.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20221027&punto=13>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

14.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA SOLICITUDE DE COMPARECENCIA A PETICIÓN PROPIA, PRESENTADA POLO CONCELLEIRO DELEGADO DE EDUCACIÓN D. ARGIMIRO SERÉN MERA SOBRE O TRANSPORTE ESCOLAR AO IES ARMANDO COTARELO VALLEDOR: Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade de data 27 de outubro de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta do escrito presentado polo Concelleiro de Educación, D. Argimiro Serén Mera, coa data de 19 de outubro de 2022, de solicitude de comparecencia a petición propia no Pleno Ordinario, para intervir sobre a situación do transporte escolar da comunidade educativa do IES Armando Cotarelo Valledor.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes de tódolos grupos políticos municipais e Concelleiro non adscrito informan favorablemente.

En consecuencia e por unanimidade comparecencia a petición propia, presentada polo Concelleiro Delegado de Educación D. Argimiro Serén Mera sobre o transporte escolar ao IES Armando Cotarelo Valledor.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a comparecencia, a petición propia, no próximo pleno ordinario de D. Argimiro Serén Mera sobre o transporte escolar ao IES Armando Cotarelo Valledor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20221027&punto=14>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

15.- INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.

Non se presentaron

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20221027&punto=15>
Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

16.- MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, non propoñéndose ningunha moción polos Grupos Políticos Municipais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20221027&punto=16>
Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

17.- ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS POLOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.

- 1) Polos Sres/as. Concelleiros/as non se responde a unha pregunta formulada no Pleno anterior polo voceiro do BNG, respondéndose no próximo pleno, por non asistir o Concelleiro do citado grupo político municipal.
- 2) Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse rogos e preguntas que serán contestadas no próximo Pleno.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20221027&punto=17>
Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

18.- QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE AS PERSOAS QUE ASISTEN COMO PÚBLICO Á SESIÓN. Por parte do público asistente non se formulan rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20221027&punto=18>
Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

E sen máis asuntos que tratar, ás 19:50, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.